

f) A resolución dos incidentes de abstención e recusación.

g) A supervisión da aplicación da imaxe corporativa da USC.

En caso de ausencia ou enfermidade, o reitor será substituído polo vicerreitor que designe mediante resolución ditada para o efecto».

Disposición derogatoria

Se derroga a Resolución do 25 de marzo de 2009, sobre avocación de competencias e delegación de sinatura en favor de varios órganos administrativos.

Disposición adicional

Esta resolución entrará en vigor na data de publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2009.

Senén Barro Ameneiro

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 11 de maio de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 0000996/2008, interposto pola Asociación Galega do Persoal Interino ao Servizo da Xunta de Galicia.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 0000996/2008, interposto pola Asociación Galega do Persoal Interino ao Servizo da Xunta de Galicia, contra a Orde do 27 de maio de 2008 pola que se resolve o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia 1/2007, convocado pola Orde do 11 de xuño de 2007.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 13 de maio de 2009, do tribunal designado pola Orde do 9 de abril de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 72, do 15 de abril) para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 050 (técnico especialista en xardín de infancia) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de acceso libre, promoción interna e cambio de categoría, pola que se fai público o baremo definitivo da fase de concurso.

En sesión que tivo lugar o día 13 de maio de 2009, o tribunal III-050, designado pola Orde do 9 de abril de 2008 (DOG nº 72, do 15 de abril), para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 050 (técnico especialista en xardín de infancia) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de acceso libre, promoción interna e cambio de categoría, de conformidade co disposto na Orde do 21 de febreiro de 2006 (DOG nº 61, do 28 de marzo), acordou:

Primeiro.-Desestimar todas as alegacións e reclamacións formuladas polas opositoras ao baremo provisional publicado no DOG nº 68, do 8 de abril.

Segundo.-Facer público, como anexo a esta resolución, o baremo definitivo da fase de concurso, con indicación da puntuación obtida polas aspirantes en cada unha das epígrafes das bases da convocatoria das quendas de acceso libre, promoción interna e cambio de categoría.

Terceiro.-De conformidade co disposto nas citadas bases da convocatoria, contra esta resolución os/as interesados/as poderán formular recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2009.

Gema Montero Gamarra
Presidenta do tribunal

ANEXO

Puntuacións definitivas obtidas na fase de concurso

Acceso libre

DNI	Apelidos e nome	Base	Base	Total
		II.1.1	II.1.2	
46901004W	Álvarez Pérez, Laura	3,1	6,85	9,95
53110897X	Álvarez Ruibal, María Victoria	0	0	0
76578917A	Anido Seoane, Eva	0	5,95	5,95
44080960B	González Solla, Patricia	0,8	1,15	1,95
34895913Z	Grandío López, Ana María	1,9	4,5	6,4
77597247P	Iglesias López, Milagros	4,4	2,9	7,3
53178610B	Martínez Costas, Yolanda	0	0	0
44083106H	Moldes Viñas, Susana	0	0,1	0,1
44083390A	Muñíos Núñez, María José	0	0	0
53169628E	Penelas González, Lorena	0	0	0
44460784J	Pérez Blanco, Marta	0	1,65	1,65
77001984P	Pintos Lusquiños, Dalia	0	0	0
36106551R	Portela Fernández, María Lidia	0	0,55	0,55
44475417H	Rodríguez Fernández, María del Carmen	0	1,94	1,94
36140810J	Román Fernández, Patricia	0,06	0,45	0,51
52499954Q	Ruibal Cabaleiro, Iria	0	0	0
44448362B	Sotelo López, Susana	0	0,3	0,3

Puntuacións definitivas obtidas na fase de concurso**Promoción interna**

DNI	Apelidos e nome	Base II.1.1	Base II.1.2	Total
33926791C	González Diéguez, Sonia	1,58	0,2	1,78

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Corrección de erros.-Orde do 4 de maio de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Advertido erro na devandita orde publicada no DOG nº 95, do 18 de maio de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 8.926, onde di: «Denominación do posto: subdirector/a xeral de Formación Profesional», debe dicir: «Denominación do posto: subdirector/a xeral de Formación e Orientación Profesional».

Corrección de erros.-Orde do 5 de maio de 2009 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1. Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, nº 88, do 7 de maio, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 8.462, anexo I, provincia da Coruña, debe eliminarse o seguinte centro «15025621, EPA-PU Eduardo Pondal da Coruña».

Na mesma páxina, anexo I, provincia de Lugo, debe eliminarse o seguinte centro: «27020811, EPAPU de Bonxe, en Outeiro de Rei».

2. Cómpre salientar que esta corrección de erros non implica a modificación do prazo de solicitudes, establecido no punto cuarto da referida orde de convocatoria.

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA****XULGADO DE PRIMEIRA
INSTANCIA E INSTRUCCIÓN
NÚMERO UN DO CARBALLIÑO**

Edicto (64/2008).

Eu, María Lourdes Soto Rodríguez, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número

un do Carbaliño, dou fe e certifico que neste xulgado se tramitan autos de xuízo ordinario rexistrados co número 64/2008, seguidos por instancia de Carlos Pagán Vázquez contra Assumpta Vázquez Rodríguez, en cuxas actuacións se ditou sentenza co encauzamento e resolución do teor literal seguinte:

«Sentenza número 87/2008.

No Carbaliño, o vinte e oito de outubro de dous mil oito.

Vistos por min, Ana María Gómez Bande, xuíza titular do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un do Carbaliño, estes autos de xuízo ordinario seguidos ante este xulgado baixo o número 64 do ano 2008, por instancia do procurador Sr. Rúa Sobrino, en nome e representación de Carlos Pagán Vázquez, asistido do letrado Sr. Muñoz Somoza, e como demandada Assumpta Vázquez Rodríguez, en situación procesual de rebeldía, constando nas actuacións as súas circunstancias persoais.

Resolvo estimar a demanda interposta polo procurador Sr. Rúa Sobrino, en nome e representación de Carlos Pagán Vázquez, asistido do letrado Sr. Muñoz Somoza, e como demandada Assumpta Vázquez Rodríguez, en situación procesual de rebeldía, condeno a Assumpta Vázquez Rodríguez a lle aboar á parte demandante a cantidade de 10.098,15 euros máis os xuros legais segundo o fundamento xurídico segundo *in fine* e as custas procesuais.

Notifíquelles esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra ela cabe recurso de apelación que, se é o caso, se deberá interpor ante este mesmo xulgado dentro dos cinco días seguintes a aquel en que se notifique esta resolución.

Lévese o orixinal ao libro de sentenzas.

Por esta miña sentenza, da cal se expedirá testemuño para incorporalo ás actuacións, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación en legal forma a Assumpta Vázquez Rodríguez, en ignorado paradiro, expido, asino e selo este edicto no Carbaliño o 1 de abril de 2009.

María Lourdes Soto Rodríguez
Secretaria

**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO UN DA CORUÑA**

Edicto (1126/2008).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social nº 1 da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 1126/2008 deste xulgado do Social, seguido por instancia de José Ramón Senra Campos, Álvaro Montero Pereira, Ricardo Parga Souto, Jesús Lestón Marcote, Elías